

## **VILAGARCÍA DE AROUSA**

O Concello pleno en sesión de data 31/3/2000, resolveu as alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobou definitivamente o Regulamento interior da explotación do aparcamento do Cavadelo, do seguinte teor literal:

### **REGULAMENTO INTERIOR DA EXPLOTACIÓN DO APARCAMENTO DO CVADELO**

#### **Artigo 1.-**

A explotación do aparcamento realizarao a entidade concesionaria, quen poderá facelo directamente ou ben subcontratando a outras empresas, ás persoas que leven a cabo as actividades de vixilancia e mantemento, e incluso por medio doutras persoas ou entidades que se encarguen de tódalas xestións da explotación.

#### **Artigo 2.- ACCESO Ó APARCAMENTO**

1.- O acceso ó aparcamento só poderá ter lugar a bordo dun vehículo para proceder ó seu estacionamento ou, co resguardo correspondente, para proceder á retirada de calquera vehículo; a entrada de vehículos poderá facerse en calquera momento e conducidos por calquera persoa, sempre que existan prazas libres; a entrada sen vehículos só poderá facerse para retirar vehículos aparcados e estando en posesión do resguardo correspondente.

2.- A entidade concesionaria terá pechado o aparcamento entre as cero horas e as oito horas de cada día; durante este tempo non se poderá acceder ó aparcamento, se ben a entidade concesionaria arbitrará algún medio para retirar os vehículos que quedaran dentro do aparcamento.

3.- Sen embargo, a entidade concesionaria poderá manter aberto o aparcamento tamén durante as horas citadas no parágrafo anterior ou durante parte delas.

#### **Artigo 3.- PERMANENCIA NO APARCAMENTO**

1.- Os usuarios do aparcamento só poderán permanecer dentro do local un máximo de dez minutos e deberán saír dentro do devandito período de tempo, unha vez aparcado o vehículo ou, co vehículo, se a entrada é para recollelo.

2.- O resguardo pagado perde a súa validez unha vez pasados dez minutos dende o seu pago, polo que a barreira no se abrirá co resguardo transcorrido o citado tempo.

#### **Artigo 4.- ACCESO Ó APARCAMENTO**

1.- O acceso ó aparcamento farase só polas ramplas que dan acceso á Avenida da Mariña. A entidade, a través das persoas que exerzan as funcións de vixilancia, determinará, en cada momento, se dirixe os vehículos ó aparcamento subterráneo ou ó de superficie, abrindo e pechando as reixas correspondentes.

2.- As portas e escaleiras Sur e Oeste só poderán utilizarse como saída e poden ser pechadas pola entidade concesionaria, por motivos de vixilancia, cando o estime oportuno. O peche das portas e escaleiras esixirá a adopción das medidas paralelas que garantan a seguridade e evacuación en caso de incendio.

3.- O ascensor será de uso exclusivo para minusválidos; tamén poderá ser utilizado polo público en xeral se así o determina a empresa concesionaria.. Sen embargo, a entidade concesionaria, se o estima oportuno, poderá ter pechado o ascensor e abrílo puntualmente a petición de calquera minusválido.

#### **Artigo 5.- TARIFA ORDINARIA**

1.- O prezo do aparcamento será de cen pesetas por hora ou fracción.

2.- No prezo de cen pesetas van incluídos tódolos impostos.

3.- No prezo indicado non está incluído o importe correspondente ó seguro de vehículos estacionados. A sociedade contratará un seguro de vehículos estacionados; neste caso poderá cobrarse pola entidade concesionaria no mesmo resgardo de acceso, cobrando polo tanto, ó usuario a cantidade proporcional que custe o seguro calculado conforme ó estudio de ocupación.

4.- Sen prexuízo do anterior, a entidade concesionaria poderá facer campañas de promoción, sen limitación de tempo, durante as que manteña un prezo inferior ó sinalado neste artigo.

#### **Artigo 6.- TARIFAS ESPECIAIS**

1.- A entidade promotora poderá establecer tarifas especiais, establecendo ofertas con abonos mensuais de vinte e catro horas, de doce horas ou doutra cantidade de horas que estime oportuno e cos prezos que queira fixa-la concesionaria, que deberán ser inferiores ós da tarifa ordinaria.

2.- Tamén poderá a entidade concesionaria vender a establecementos comerciais unha cantidade de horas por un prezo predeterminando que poderán ser incorporadas a talonarios para as devanditas entidades.

3.- Estas tarifas especiais poderán ser modificadas pola empresa en calquera momento e sen necesidade de ningunha autorización.

#### **Artigo 7.- PRAZAS EN CESIÓN PERMANENTE A RESIDENTES**

As persoas que opten por adquirir unha praza en cesión permanente a residente, terán o uso da mesma durante todo o tempo da cesión.

Estas persoas terán as seguintes obrigas:

- a) Deberán cingirse, no uso da súa praza, ás normas de explotación fixadas pola empresa concesionaria, especialmente en canto ós horarios de apertura e peche do aparcamento, sempre e cando esas normas non contraveñan as instrucións dictadas pola Corporación ou establecidas regulamentariamente.
- b) Deberán satisfacer a cota proporcional correspondente ós gastos de explotación: canon do Concello, vixilancia, mantemento, seguro, limpeza, enerxía eléctrica, auga, etc.

Esta cota será determinada pola entidade concesionaria en atención ós gastos presupostados e revisarase anualmente en función dos gastos reais do ano inmediatamente anterior. En ningún caso os incrementos resultantes poderán exceder dos que proporcione a fórmula de aplicación para as tarifas correspondentes ás prazas de uso público indiscriminado.

### **Artigo 8.- DANOS CAUSADOS POR USUARIOS**

Os usuarios do aparcamento, sexan de cesión permanente a residente ou sexan usuarios normais, deberán responder dos danos causados por colisión ou por calquera outra causa.

### **Artigo 9.- VIXILANCIA**

A efectos de vixilancia e prevención de danos, a entidade concesionaria poderá instalar cámaras de vixilancia e de gravación tanto no interior de local coma na parte destinada a aparcamento en superficie e nos accesos ó aparcamento.

### **Artigo 10.- PERDA DO RESGARDO**

Non poderá retirarse ningún vehículo sen a presentación do resgardo correspondente aboado na caixa. En caso de perda do resgardo, aboarase polo usuario a cantidade correspondente ás horas que teña controlada a entidade concesionaria, cun mínimo de vintecatro horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 4 de abril de 2000

O Alcalde, Joaquín Javier Gago López.

**B.O.P. MARTES 2 MAIO DE 2000**